



EDUCAR EN LIBERDADE, sen censura nin politización nos centros educativos

Desde **ANPE Galicia**, sindicato independente do ensino público, **manifestamos a nosa preocupación pola recente instrución da Consellería de Educación, que persegue a «neutralidade ideolóxica» nos centros educativos, xerando inquietude entre a comunidade educativa ante un posible veto a determinadas actividades, amparado en calquera escusa de “neutralidade”, que pode converterse nun control encuberto do pensamento crítico.**

1. Centros educativos, espazos de diálogo e pensamento libre

Os centros deben ser lugares onde alumnado e profesorado poidan exercer a capacidade de reflexión, escoita activa e espírito crítico. Non poden ser convertidos en campos de batalla ideolóxicos nin en áreas de propaganda.

2. A delgada liña entre liberdade educativa e politización

Existe unha fronteira moi fina entre fomentar o espírito crítico e caer nunha politización premeditada. Respetar o debate e promover actividades que abran horizontes non é politizar; é educar.

3. NON ao veto ideolóxico disfrazado de neutralidade

Comprendemos que a Xunta quere evitar conflitos nos centros, **pero advertimos que calquera instrución que restrinja actividades culturais, debates, proxectos sociais... baixo o pretexto dunha suposta neutralidade pode prexudicar gravemente o dereito á liberdade de conciencia e á libre expresión educativa.**

4. Chamamento ao diálogo e ao respecto da comunidade educativa

Instamos á Consellería a abrir unha mesa de diálogo aberta e transparente, na que participen todas as partes interesadas – sindicatos, claustros, consellos escolares, direccións...– para acordar criterios claros que protexan o espírito crítico sen caer en imposicións. A comunidade educativa non merece ser tratada como suxeito pasivo ou manipulable.

5. ANPE vixiante e comprometida coa defensa dos dereitos docentes

Como sindicato independente, ANPE seguirá atentamente calquera tentativa de recortar dereitos dos docentes ou do alumnado. Defenderemos a educación pública galega, plural e crítica, e non toleraremos que se impidan actividades que fomentan o pensamento reflexivo e a participación cidadá.

Para ANPE, a educación non é neutra: é un espazo de formación integral, de intercambios pacíficos de ideas, de liberdade de conciencia. Debemos garantir que os centros sexan refuxios de concordia e non espazos de polarización nin de enfrontamentos políticos e ideolóxicos.